



REQUIRIMENTO DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN EN VARIAS SOLICITUDES PRESENTADAS NO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL A PÉ DA CONFRARÍA DE VILANOVA DE AROUSA

O 2 de outubro de 2025 foi publicado o proceso selectivo para a cobertura de trece (13) prazas de marisqueo xeral a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación, da confraría de pescadores de Vilanova de Arousa e abriuse un prazo de 15 días hábiles para presentación de solicitudes.

Segundo o disposto no apartado I.4. das bases da convocatoria, logo de rematar o prazo de presentación de instancias, e de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que no prazo de dez (10) días hábiles a emenden, con indicación de que se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

De acordo co anteriormente indicado, **REQUIRESE** a seguinte documentación ás persoas indicadas a continuación:

APELIDOS E NOME	NIF	DOCUMENTACIÓN
PADÍN FERNÁNDEZ, MIGUEL	***4542**	Xustificante bancario de ter feito o ingreso da taxa durante o prazo establecido de presentación de solicitudes.
CORES SENDÓN, RAMÓN MIGUEL	***5626**	Xustificante bancario de ter feito o ingreso da taxa durante o prazo establecido de presentación de solicitudes.

** Ocúltanse parcialmente os díxitos de identificación en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.*

A documentación requirida presentarse, preferiblemente por vía electrónica e opcionalmente en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 2 de outubro. Presentarse directamente ou a través das entidades asociativas do sector, **no prazo de dez (10) días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





dirixiranse ao Departamento Territorial da Consellería do Mar de Vigo, de acordo co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

No caso de non achegar a documentación requirida considerarase que desisten da súa petición e a súa solicitude será excluída do proceso selectivo logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios do departamento territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

